

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO
HISTORIA, XEOGRAFÍA E HISTORIA DA ARTE
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GIS PARA INVESTIGADORES EN HISTORIA E HISTORIA DA ARTE

RUBEN CASTRO REDONDO
UNIVERSIDAD DE CANTABRIA.

7 DE OUTUBRO DE 2022
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA
AULA 4

INSCRIPCIÓN ATA 0 6 DE OUTUBRO DE 2022
NÚMERO DE PRAZAS 24

CORREO ELECTRÓNICO: PD.HISTORIAXEOGRAFIAARTE@USC.ES

GIS para investigadores en Historia e Historia da Arte

Descriptor:

No conxunto que nos últimos anos se identifica como Humanidades Dixitais, unha das ferramentas que máis interese esperta na comunidade académica e científica das disciplinas humanísticas e das ciencias sociais son os Sistemas de Información Xeográfica (SIX-GIS). Como toda ferramenta metodolóxica nova, moitos/as investigadores/as non coñecen as súas posibilidades ou non coñecen o funcionamento e os recursos que os programas baseados nesta ferramenta de análise de datos espaciais pode ofrecer.

O curso de doutoramento que se propón centrase no programa QGIS, unha das moitas plataformas dixitais de análise xeográfico-espacial que existen na actualidade.

A súa elección responde a unha razón práctica: tratase dun programa que contén os mesmos recursos que os seus conxéneres, se ben se trata dunha plataforma de software libre e de descarga gratuíta.

Obxectivos:

Presentar e familiariza-los investigadores en Historia, Historia da Arte, incluso de Xeografía, coas posibilidades de análise espacial que ofrece a plataforma QGIS, e especialmente na súa función de elaboración de mapas propios, co obxectivo de seren utilizados no ámbito académico, ben para presentar de xeito gráfico as novas achegas nas investigacións de cada quen en reunións científicas, ben para a súa introducción nos textos destinados á publicación científica.

A modo de exemplo práctico, tanto para visualiza-las posibilidades de dita ferramenta como para traballar a posteriori coa base xa elaborada, presentábase o proxecto cartográfico Cartografía Digital de Galicia en 1753. Jurisdicciones, provincias y Reino (2019) –elaborado na súa totalidade a través da plataforma QGIS–, así como a páxina web de acceso libre e gratuíta creada persoalmente polo coordinador do curso (<https://galiciadigital1753.wixsite.com/proyecto>).

Contidos:

Introducción ós Sistemas de Información Xeográfica.

A plataforma QGIS: descarga, instalación, presentación, deseño.

Funcionamento do programa QGIS: recursos, ferramentas, posibilidades de análise e elaboración datos xeográficamente referenciados.

Un caso práctico: cartografía dixital de Galicia no Antigo Réxime.

Presentación dos datos espaciais: composición de mapas e exportación dos mesmos a formato dixital (.jpg / .pdf)

Metodoloxía:

O curso terá un carácter eminentemente práctico. O profesor traballará nun ordenador que o alumnado verá proxectado en pantalla para mostrar en tempo real o funcionamento do programa. Aínda que a sesión se pode celebrar nunha sala de informática, é recomendable que os asistentes leven os seus ordenadores persoais, co fin de instalar e conservar o programa QGIS nos seus equipos persoais ou habituais de traballo.

Avaliación:

A consecución do curso conleva por parte dos asistentes a realización dun exercicio práctico sinxelo que farán fóra das horas presenciais e que consistirá na elaboración dun mapa propio en formato .jpg e .pdf, a poder ser relacionado con algún aspecto da súa investigación, se ben se proporcionará un exercicio non específico co mesmo obxectivo antedito. A tarefa esixirá facer un proxecto cartográfico propio, traballar cos recursos e as ferramentas que permite o programa e, finalmente, exporta-lo traballo realizado en formato imaxe para poder ser visualizado por un terceiro, neste caso, o coordinador da actividade

Duración: 20 h.

O obradoiro divídese en dúas partes diferenciadas.

- 7 horas presenciais (9:30-13:30 – 16:00-19:00)

- 13 horas de traballo persoal (práctica final obrigatoria)

